

# Acordos do pleno do consello social do ano 2006

- Aprobación das propostas de programas oficiais de posgrao para impartir no curso 2006-2007.
- Supervisión de crédito extraordinario para ampliación de capital de UNIXEST mediante a achega de patentes Advancell.
- Aprobación das taxas dos cursos de posgrao.
- Aprobación de aceptación de doazóns de bens.
- Información de Convenios da Universidade.
- Aprobación da creación dun Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria.
- Corrección de tarifas por servizos universitarios.
- Auditoría da Universidade de Santiago de Compostela e das Sociedades Mercantís: Unidíxital, Unixest, Uninova e Cursos Internacionais, do exercicio económico 2004.
- Aprobación da Memoria Económica da USC do exercicio económico 2004.
- Aprobación da Memoria abreviada correspondente ao exercicio rematado a 31 de decembro de 2004 da Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela (UNIXEST), Balances de Situación a 31 de decembro de 2004 e Conta de Perdas e Ganancias abreviada do exercicio 2004.
- Incorporación de remanentes de créditos existentes a 31 de decembro de 2004.
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos e do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación da memoria de actividades do Consello Social do ano 2005.
- Informe sobre o proxecto de Convenio Colectivo do Persoal Docente e Investigador laboral do Sistema Universitario de Galicia.
- Informe sobre prazas de profesorado: modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación das tarifas de prazas de aloxamento no SUR para o curso 2006-2007.
- Aprobación das tarifas da Escola Infantil "Breogán".
- Aprobación de tarifas por Servizos Universitarios.
- Proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2006-2007 e alegacións ao mesmo.
- Aprobación da proposta *da Comisión de supervisión de actividades universitarias e relativas á actividade do Consello Social* sobre a distribución de 114 bolsas de colaboración para o curso académico 2006-2007 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación aos alumnos do último curso de segundo ciclo que presten a súa colaboración en réxime de compatibilidade cos seus estudos nun departamento.
- Corrección de erros sobre o acordo da ampliación de capital da Sociedade de Intereses da USC (Unixest).
- Corrección de erros relativa á convocatoria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC, para membros da Comunidade Universitaria ou persoas que vaian participar nas actividades de verán, durante o período comprendido entre o 14 de xullo e o 17 de setembro de 2006.
- Aprobación da incorporación ao orzamento do 2006, dos remanentes de créditos existentes a 31 de decembro de 2005.
- Nomeamento da/o Xerente da Universidade de Santiago de Compostela.
- Modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos.
- Modificacións de Programas Oficiais de Posgrao.

- Aprobación das propostas de Programas Oficiais de Posgrao para impartir no curso 2007-2008.
- Aprobación de concesión das retribucións por méritos adicionais ao labor docente e investigador, establecidas polo Real Decreto 55/2004, do 4 de marzo.
- Aprobación do expediente de doazón de bens á Universidade.
- Concurso público da Auditoría da USC e das súas sociedades mercantís, dos exercicios económicos 2006-2007.
- Informe da Auditoría da Universidade de Santiago de Compostela do exercicio económico 2005, e informe da Auditoría das sociedades mercantís: Unidixital, Unixest, Uninova e Cursos Internacionais da USC, do exercicio económico 2005.
- Aprobación da Conta de Liquidación do Orzamento e da Memoria Económica da Universidade de Santiago de Compostela do exercicio económico 2005.
- Aprobación do expediente de suplemento de crédito 02-CS-06.
- Aprobación da asignación dos complementos retributivos adicionais autonómicos.
- Aprobación da proposta do orzamento do Consello Social do ano 2007.
- Aprobación do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2007.
- Informe sobre a venda de dúas solicitudes de patentes propiedade da USC a favor da empresa a se constituír coa denominación de Laboratorios CIFGA, S.L.
- Aprobación da participación da USC na Fundación para o Desenvolvemento da Sociedade do Coñecemento.
- Aprobación da participación da USC na empresa Compostela Media.
- Aprobación de concesión das retribucións por méritos adicionais ao labor docente e investigador.